



PARA OS PAPÁS E AS MAMÁS





MÁS ALO DO AZUL E DO ROSA, de Ana Torres Jack. Ed. Kalandraka. A autora ofrécenos dunha maneira sinxela e moi clara estratexias concretas para prever a desigualdade de xénero e a violencia machista dende a familia.

A CRUELDADE DE ABRIL, de Diego Ameixeiras. E. Xerais. Un incendio nunha casa abandonada. Dous cadáveres. Un home e unha muller sen teito que se refuxiaban na vivenda. Pero a conmoción dura o mesmo ca portada dun xornal. O suceso, un de tantos titulares, cae axiña no esquecemento.




¡SALUDI! de Nadar e Philippe Thirault. Ed. Astiberri. España, 1975. Franco agoniza, pero o seu réxime aínda é feroz. Chegado desde Francia, Antoine abre un exitoso restaurante no centro de Coruña, onde descubrirá a violencia policial e os intrincados tentáculos da ditadura, capaces de poñer en risco a súa vida.

EL CUENTO DE LA CRIADA de Margaret Atwood. Ed. Salamandra. Amparándose na coartada do terrorismo islámico, uns políticos teócratas fanse co poder e, como primeira medida, suprimen a liberdade de prensa e os dereitos das mulleres.



ALTA FIDELIDAD, de Nick Hornby. Ed. Anagrama. Rob Fleming está a punto de cumprir trinta e seis anos e ten unha tenda de discos antigos no norte de Londres, onde só vende vinilos. O seu negocio, destinado a un público de serios coleccionistas de frivolidades, está sempre ao borde da bancarrota. E Laura, a súa última noiva, deixouno.

PARA ESCOITAR, VER E XOGAR




NORÓ, de Xabier Díaz e as Adufeiras de Salitre. Preséntase como unha declaración de amor ao norte, Está formado por 13 cancións que supoñen unha revisión actual do seu traballo de investigación e recuperación. Son pezas que funden as súas raíces en Mondariz, A Fonsagrada, Vimianzo, Manzaneda, A Mezquita ou Zas, en Galicia, pero tamén en León e Zamora.

A FIESTA DOS SOÑOS, de Manuel Boquete. Ed. Galaxia. Soñas? Aquí tes unha fiesta máxica pola que asomarte a un mundo realmente máxico.




SCRABBLE JUNIOR, de Mattel. O clásico Scrabble, o gran xogo de palabras cruzadas, pero adaptado para os/as máis pequenos/as. Con 2 niveis de dificultade,

¡MIRA, BUSCA, ENCUENTRA! de Agnese Baruzzi. Ed. VVKids. Busca, atopa e conta todos os animais que se esconden nas follas deste libro xigantesco.



¡CANTA!, de Garth Jennings. Buster Moon é un elegante koala que rexenta un teatro que coñeceu tempos mellores. É un optimista nato, o que está moi ben se non fose un pouco caradura, pero ama ao seu teatro con pasión e é capaz de calquera cousa para salvalo. Sabe que o soño da súa vida está a punto de desaparecer, e só ten unha oportunidade para mantelo a flote.


A BIBLIOTECA DE FLORA



PARA DISFRUTAR, A LECTURA NO VERÁN



CEIP PEDRO CASELLES ROLLÁN
XOVE

PRIMEIROS/AS LECTORES/AS




DEZ DEDOS NAS MANS E DEZ DEDOS NOS PÉS, de Mem Fox. Ed. Kalandraka. Dende o ático ao deserto, en calquera continente, cidade ou tribo, todos os bebés nacen con dez dedos e dez dedas.

NUBE BRANCA QUERE SER ASTRONAUTA, de Pablo Nogueira. Baía Edicións. Nube Branca devece por ver as estrelas de preto e coñecer a lúa e os planetas do sistema solar.



ONCE DAMAS ATREVIDAS, de Oli. Ed. Kalandraka. A través dunha conta atrás imos coñecendo a esta simpáticas viaxeiras e todos os lugares polos que pasan

O LADRÓN DE SOÑOS, de Sabela Fernández. Ed. Xerais. Todas as noites na cidade de Sonoval, Uxío o mago encárgase de que os nenos e nenas teñan soños maravillosos. O que non sabe aínda é que preto de alí vive o ladrón de soños, que desexa levar canda el todos as fantasías.



Paso a paso
Leo Lionni

PASO A PASO, de Leo Lionni. Ed. Kalandraka. Libro de fábulas, protagonizado por unha astuta eiruga que se enxeñou para non ser devorada por diversas aves.




LECTORES/AS EN MARCHA



SARA TEN UN SEGREDO, de Ramón Caride. Ed. Xerais. A vida de Sara, unha meniña de sete anos, está a piques de sufrir unha mudanza repentina. Algo abraiante vai sucederlle cando un día atopa un estrano tareco no sitio menos pensado. Pero... que é un tareco?

SON UNHA NOZ, de Beatriz Osés. Ed. Rodeira. Chámome Omar e son unha noz. O meu pai era xardineiro e a miña nai ulía a canela. O mar tragounos aos dous pouco antes de chegar á praia. Vinos desaparecer mentres flotaba naquela casca de noz xunto con outros descoñecidos ...



CARA DE VELOCIDADE, de Marga Tojo. Ed. Kalandraka. Poemario onde se trata da superación de "H" despois dunha convalecencia. A enfermidade toma forma de monstro ao que se desafia, co que dialoga e convive.

A ÁRBORE DOS SOÑOS, de Fernando Alonso. Ed. Kalandraka. Porque non é delito escribir, e menos sobre árbores, Huvez solidarízase con outro autor e crea a historia dun bonsai, dunha cerdeira, dunha árbore namorada... Convencerá o xuíz cos seus textos?



INVENTARIO ILUSTRADO DE DINOSAURIOS

de Virginie Aladjadi. Ed. Kalandraka. Unha pequena historia da vida na Terra, dende as súas orixes hai 4300 millóns de anos, que reúne 47 especies agrupadas en períodos xeolóxicos: dende o Triásico, con exemplares como o Mussaurus patagonicus; seguindo polo Xurásico coa presenza do Diplodocus carnegii; ata o Cretáceo, cando habitou o Tyrannosaurus rex.



LECTORES/AS AVANZADOS/AS



O SEGREDO DA VELLA LIBRERÍA, de Xabier López López. Ed. Galaxia. Un neno pobre debe recoller cartóns e papeis na súa carretilla para logo vender a carga e axudar na casa. Pero, un día, non se sabe moi ben por que, acabará na librería do señor Marmaduke, quen facilmente o convencerá de que os libros serven para viaxar

AS PERIPECIAS DE EXTRAVANGANZZA PÉREZ, de Leticia Costa. Ed. Xerais. Extravanganza Pérez vive nunha casa que semella un zoolóxico. Os seus pais son dous biólogos de moita sona. Semellan estar algo tolos, pero queren aos animais e mais á súa filla pola vida. Un día marchan a unha expedición secreta deixando a Extravanganza soa na casa.



CHOIVA DE RAS, de Ánxela Loureiro. Ed. Xerais. Todos os animais da fraga coñecían as extravagancias de RaMona, a ra máis mona do lugar, unha afouta artista da camuflaxe que non quería nin casar nin levar os ovos á lagoa como o resto das ras. RaMona vivía á súa bóla, buscando flores ...

ESCAQUIS E ROMEU, de Antonio Manuel Fraga. Ed. Xerais. A vida de Romeu transcorría tranquila, entre cortes de pelo, barbeados e lecturas na compañía das plantas da súa galería. Mais unha noite de treboada Escaquis apareceu misteriosamente para poñer patas arriba a súa existencia. Esta estraña nena contaba cun poder moi especial ...



EL GRAN LIBRO DE LOS INSTRUMENTOS MUSICALES, de PRONTO. Ed. Edelvives. Un libro con 130 instrumentos clasificados por familias que forman a maior orquestra do mundo. Cada instrumento vai ilustrado e explicado dentro da súa familia e varias viñetas humorísticas que xogan con expresións relacionadas coa música acompañan a presentación.

